

Louvanza dun sofá

Carlos SANTIAGO

"A miña ideoloxía é produto da propia experiencia na casa" (Herminio Barreiro)

1.

Confésosche algúns pensamentos, agora que é tarde, pois a demora é o tempo propio do pensar. Cando atopamos resposta ás preguntas que tal vez nos fixemos, abráianos a súa ausencia de sentido. Nalgún momento mudaron, ou se esqueceron, esqueletos poeirintos que apenas sinalan vellos itinerarios no labirinto de Asterión, o minotauro de Borges.

2.

A dor reside exactamente nesa percepción da que se espreme o pensamento. O tempo foi e o concepto chegou tarde, con pouco xenio de secar bágoas. Dunha xeración a outra, tamén mudan as galerías do labirinto nas que procuramos a cara rendida do monstro. Preguntas que non che fixen e agora fican abandonadas contra os muros. Son iso, fantasmas.

3.

Concibín que o comunismo era unha pulsión irredutíbel da especie. O código propio da nosa cólera, pois con todo, malia o fracaso da razón moral asignada á razón pura, a inxustiza existe e convoca a xusta ira do común. De todo o que aprendín, fica incólume este a priori, o non poder acreditar en ningunha ética que non tome a dor como condición negativa. Ningunha razón debера prevalecer na súa presenza. Non obstante, a morte do minotauro, para quen a persegue, impón unha violencia necesaria. Esta é a dúbida. Pódese vencer o labirinto sen esa morte? Pódese, no canto, convivir coa súa existencia terrorífica? Pódese, en fin, renunciar de vez á condición heroica?

4.

Un que alimentou semellantes incertezas foi Kafka. Entre os seus motivos, o paradoxo da terra prometida, intolerábel para moitos marxistas como ben adiviñou Bataille, suscitou-me sempre unha cuestión que nunca logrei colocarche. En 1986, nunha noite de albariño e tabaco negro, nun daqueles venres nos que iamos buscar a Sonia e deparábamnos contigo, disposto a todas as risas e as conversas, preguntámosche pola Perestroika, o sintagma que de súpeto parecía remozar a fasquía cincenta do comunismo.

5.

O cincento do comunismo viña da conspiración cinematográfica occidental que describía o leste de Europa en branco e negro, como se alí, na RDA ou en Bulgaria, no corazón mesmo de Leningrado, a carón do Hermitage, non houbera cor. O anoxo contra o bloque comunista no que fomos educados ancorábase máis que nada na privación cromática na que seica vivían as poboacións sometidas ao materialismo dialéctico. Só cunha excepción. Ninguén podía mutilar o espectro cromático cubano. Con todo, a capa do Gramma aparecía, na mesma mesa da túa sala, en triste sepia.

6.

Neses anos, a finais dos oitenta, visitábamnos moito a vosa casa en Rosalía de Castro, eramos os colegas da vosa filla e da mesma sorte convidados teus e da Merche. A Sonia, lembrarás, tiña o proverbial costume de demorar máis de media hora en misteriosos preparativos antes de encarar a noite. Nós aceptábamnos, claro, o cerimonial, e sentábamnos no sofá da sala a honrar a sagrada espera.

7.

A sala era cálida e sedativa, matizada de ámbares amábeis por unha lámpada de pe alto, e dispoñía sempre, encol da mesa, de lecturas bizarras, unha pequena pirámide de libros, revistas e panfletos coroada pola prensa do día que apenas deixaba sitio para o tabaco, un chisqueiro e o cinzeiro que Merche traía sempre da cociña para asegurar a limpeza do santa sanctorum familiar. Nos chanzos da pirámide, en curiosa orde fractal, unha sedución de nomes: Goytisolo, Carpentier, Engels, Novoneyra, Freire, Ferlosio...

8.

As pirámides, ubicuas no planeta como o labirinto, son contra este o monumento que sacraliza o inicio da historia, a ascensión do delirio de civilización que aínda comove a razón humana. O labirinto é prehistórico, pero a escrita, única técnica realmente revolucionaria, non sería posíbel sen el. O labirinto é a cifra do noso xenoma e o comunismo un dado fragmento del, mais este, é de ver, non pode replicar todo o mapa xenético. A pirámide esconde o labirinto. Cuestión á parte é se o seu misterio reside na súa presunta orixe alienígena, tal vez porque a opinión pública actual non quere aceptar o potencial construtor da escravitude como formación económica do primeiro imperio. Xente coma ti, Herminio, sodes unha ameaza para a literatura barata.

9.

Ás veces a Sonia, para mellor nos entreter a paciencia, picaba algún disco dos Rolling no vello tocata dos setenta, que xa arrastraba unha existencia penosa polos graves e os agudos, e marchaba logo fungada para a ducha, segura de que toda aquela anestesia

cultural na que nos sumía sería capaz de procurarlle tempo abondo para os seus rituais secretos.

10.

Moitos venres xa andabas ti pola casa, tal vez a falar por teléfono co amigo Pablo San José, autor da Oficina Sinistra, sátira esperpéntica e xenial da burocracia, ou con Uxío Novoneyra, leal camarada de quen apenas tiñamos outra referencia que a tópica mención nalgún dos primeiros manuais de texto que nos fixeron sospeitar a existencia da literatura galega. Invariabelmente, logo destas confidencias, abrías unha botella de albariño da colleita familiar de Sisán, a aldea do Salnés onde vivían teus pais, e servías vasos para todos entre relatos de Cortázar e columnas de Manuel Vincent, que tamén facían vez de tapete ilustrado a queixos, olivas e galletas salgadas.

11.

Teu pai, ficamos sabendo, á parte de elaborar un albariño excelente, vivira soterrado durante a Guerra Civil e fora condenado a reclusión perpetua polo fascismo. Un mestre depurado, defensor da escola laica e a preservación metódica da alegría de vivir. Herminio o Vello e máis Herminio o Novo. Circularidade do labirinto, o pai confirmándose no fillo e o fillo no pai. O testamento de Jor-El para o fillo Kar-El. A cultura pop, ás veces, é abondo elástica para asumir motivos filosóficos así. Curiosamente a catástrofe achega os dous escenarios dun xeito improbable. A catástrofe de Krypton e a catástrofe de España. Vese de novo a lóxica dos heroes e o seu destino inefábel no interior do labirinto.

12.

Así que gramábamos o primeiro vaso, preguntabas pola nosas andanzas na universidade, daquela axitada pola vulgata reformista dos sociatas e o referendo sibilino das súas traizóns, e contabas a propósito algunha anécdota da vella facultade de letras madrileña, para nos amosar que a cada quen lle toca aturar a loita da súa época e que educarse é afacerse a vivir no conflito do mundo, rematando as máis das veces o conto cunha gargallada estrondosa que nos seducía de vez. Se tiñas o día deixábaste asaltar pola nosa curiosidade e nos esclarecías os miolos sobre a actualidade política ou sobre os avatares históricos do século XX, tema no que lograbas fascinar os nosos ouvidos con gramática pulcra e precisa.

13.

Se facemos caso de Nietzsche, a quen non hai por que negar, a gramática e a metafísica son redutíbeis entre si. Quere iso dicir que o pensamento é a linguaxe e a linguaxe é o pensamento, e que o mundo, ese caos, entra en nós de xeito ordenado mais destituído de realidade. Velaí outra dúbida. Onde nos leva falar claro? Ou doutro xeito, en que condicións podemos continuar a traballar na linguaxe? Certamente o fío argumental pode libranos de

perecer no regreso, pero non nos conduce diante do minotauro. Para iso é preciso que el nos atope e se propoña devorarnos, é necesario ofrecerse como carnada e vagar ao chou polas galerías. E logo, ter aínda a sorte ou a destreza dun golpe fatal.

14.

Exercías sobre nós, naqueles seráns, unha atracción luminosa, pois non era xa que aquel home alto de costas levemente alombadas e carnoso nariz aproado ao horizonte fose unha persoa exquisita no trato e un conversador de talento, contra a imaxe vulgar que encadeaba os comunistas no círculo dantesco dos impíos, era tamén, e sobre todo, que o tal home nos respeitaba no ouvir e no falar, virtude que che concedía a nosos ollos un feito extraordinario, pois entre nós e a xeración de nosos pais existían polo común abismos insalvábeis que porén ti lograbas vadear por pontes imprevisíbeis.

15.

Cando o serán viña dado para albariños e conversas, concedíámoslle a Sonia todo o tempo do mundo para os seus negocios íntimos e mesmo nos decepcionaba que por algunha razón inconfesábel acurtase a espera en menos de tres cuartos de hora, a súa marca habitual, pasmados como ficábamos pola verba solícita e vibrante de seu pai, quen non tiña reparo en nos ilustrar sobre a condición fantasmagórica da mercadoría ou a épica revolucionaria da comuna parisiense, tamén sobre os ceos grisallos do franquismo entrevistados desde a xanela dunha escola de Carabanchel, había máis de quince anos. Era curioso como Madrid ficara no teu espírito, como un segundo lar onde rever a propia identidade, e sorprendeume saber moitos anos despois, por palabras a ti atribuídas, en que sentido ese lar non che pagou nunca os afectos coa mesma moeda. Sorpresa é sempre a dor nutricia da condición galega, ese ser estranxeiro no propio patio co que, tarde ou cedo, os aquí nados temos que lidar. Cando agora te celebramos como patriota, é só porque falamos diso, do noso lar primeiro, do sufrimento que o constitúe e que ningún pensamento pode apagar. Galiza. É de xustiza.

16.

A Merche tamén xa foi, o outro día. Ela era máis recia, máis castelá. Sospeito que nunca lle acabou de gustar o nicho atlántico. Pero aquí estaba, no labirinto este, tendo conta de todos vós, tamén de nós cando lle lixábamos a sala de tabaco e migallas. Tiña a risa discreta, custaba gañar ese premio, non coma ti, que nos premiabas seguido e con moita bulla. Penso eu que a venceu a tristura do teu final. O David leu palabras intelixentes ao teu propósito, no paraninfo da universidade, que tal vez a animaron. Vina por última vez paseando pola Rúa do Vilar do brazo da Sonia, cos ollos afundidos e a voz tomada de cansazo, e lembrei os vosos paseos doutros tempos, que agora sei non eran eternos, polas rúas labirínticas de Santiago.

17.

E foi aquela pregunta pola Perestroika. Que era iso? Acaso a Unión Soviética se estaba a preparar para vencer os seus propios monstros? A túa confianza era vigorosa, non por dogma de fe, quen o nega, senón por pura necesidade teórica e práctica. Tres anos despois imaxinei a túa consternación diante do colapso, habilmente editado pola prensa deste lado do pano como triunfo soberbio dunha chea de minotauros, pois neste labirinto no que vivimos aparvados, da mesma maneira que Borges fabulaba catorce ou infinitos patios, debemos presupor nós a existencia de incontábeis estafermos.

18.

A lista dos híbridos triunfantes aínda arrepía. Reagan, Xoan Paulo II, Thatcher, Kohl, González, Fraga... cínicos líderes dun planeta penoso. Non por nada, aínda sendo o mito cretense a cifra de mil mundos, o labirinto único impúñase xa daquela por todas partes. Pobreza mitolóxica da globalización. Onde nos situaba logo iso senón na eterna demora da terra prometida? Ou peor, non significaba tamén que o marxismo, ou calquera outro pensamento revolucionario, non se pode resolver aquén dun monoteísmo profético? Ti mesmo, lúcida e acaída voz da túa xeración, canto chegaches a ver da paisaxe redimida? A cantas millas de distancia de tal lugar te estamos enterrando, nesta lembranza cerimonial na que lexitimamente louvamos o ser humano que fuches? Quédame claro por que o labirinto adopta a grafía da interrogación. Tamén que o tributo de cada home e muller é fragmento dun código aberto, necesariamente incompleto.

19.

Neste materialismo é no que me sitúo, no ronsel da túa escola. Un materialismo de dúbidas desanimadas, si, pois nestes corredores ándache perdida a túa fillarada, os moitos e moitas que somos. Está a parte da vida na que andamos acompañados polos pais e a parte na que ficamos orfos, coa propia carga xenética ao lombo. Este mundo, tal como nolo explicabas, non o recoñezo. Non é xa o meu mundo, tal vez por que ficar orfo é ir comezando a deixar de ser. Réndome ao mediodía esmagado por un sol micénico insoportábel, e procuro a pouca sombra que hai, adormecendo contras as paredes e mimando, nesa mínima umbría, a tal alegría de vivir. De Atenas chegan pésimas noticias. Tamén de Lisboa, de Madrid, de Roma. De París e Berlín só chegan burócratas sinistros. O deserto avanza e vai derrubando muros, patios e galerías. Con todo, teimo nas ruínas do labirinto, único lar que nos resta e do que xa nos van desaloxando. E cuspo contra o chan, contra a superficie aberta e desolada deste planeta penoso no que os minotauros, agora ceibos, renacen sen cesar e nos esgotan de puro aborrecemento. Híbridos insaciábeis.

20.

Cando Sonia vén de amañarse no baño, o sofá está baleiro. Xa non estás, Merche tampouco.